



Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

Mesa 1

Visión estratéxica do territorio rural.

Acta 2ª xuntanza. 22/04/2026

Coordina: Fundación Juana de Vega

ORGANIZA  **Fundación Juana de Vega**

USC LABORATE
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA  **FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS**

 **COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA**

RIA

Contido

1.	Benvida e introdución.....	3
2.	Presentación das persoas participantes.....	3
3.	Presentación dos resultados da 1ª xuntanza e síntese das respostas ao cuestionario previo.	4
3.1	Liñas estratéxicas e medidas.....	4
3.2	Resultados da enquisa previa á xuntanza	6
4.	Dinámica de traballo en grupo para avanzar nas propostas en relación ás medidas prioritizadas	8
5.	Peche da xornada	28

Data: 22 de abril de 2026

Horario: 10:00 – 14:00 h

Lugar: Sede da Fundación Juana de Vega (San Pedro de Nós, Oleiros)

Coordina: Fundación Juana de Vega

1. Benvida e introdución

A xuntanza foi inaugurada por José Manuel Andrade Calvo, director da Fundación Juana de Vega, quen deu a benvida ás persoas participantes, sobre todo ás novas incorporacións á mesa e lembrou o enfoque do traballo da mesa no marco do Foro Territorio Rural Resiliente. Expúxose que o Foro Territorio Rural Resiliente é unha iniciativa independente promovida pola Fundación Juana de Vega e o Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela (LaboraTe), coa colaboración da Fundación RIA, a Fundación Roberto Rivas e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Trátase de xerar un espazo de reflexión colectiva en torno a seis mesas de traballos centradas en temas relevantes para a visión territorial, para recoller propostas que contribúan a un territorio rural máis activo, resiliente fronte aos incendios e preparado para afrontar os retos económicos, demográficos, climáticos e ambientais, a través da mellora da ordenación e da xestión territorial.

Nesta mesa preténdese:

- Definir unha visión estratéxica compartida do territorio rural que oriente o seu modelo de desenvolvemento a medio e longo prazo,
- Identificar funcións prioritarias do solo orientadas a mellorar a resiliencia.
- Formular propostas e criterios de ordenación do territorio que integren resiliencia e multifuncionalidade.

Está é a última das xuntanzas da mesa previa ao Foro onde se presentarán as conclusións de todas as mesas de traballo con liñas estratéxicas e propostas de acción concretas.

2. Presentación das persoas participantes

Realizouse unha rolda de presentación das persoas asistentes, pertencentes a distintos ámbitos (administración pública, investigación, sector produtivo, entidades sociais, etc.), co obxectivo de garantir unha visión plural e multidisciplinar.

Nome	Apelidos	Entidade á que representa
Roberto	Fernández	Grupo Parlamentario PSOE-G
Marta	Mariño	Consellería de emprego, comercio e emigración- Xunta de Galicia

Edelmiro	López	USC
Domingo	Lojo	Asociación GDRs
José Luís	Chan Rodríguez	Enxeñeiro de montes- Xunta de Galicia
Enrique	Seoane	Arquitecto
Ricardo	González Iglesias	Cluster da madeira
Martiño	Cabana	Asociación Galega de Custodia do Territorio
Sergio	Boado Seoane	Asociación Movegandex
Sofía	Pérez Fórneas	Fundación Arume
Margarita	Fraga Ares	CULTIGAR (F PAIDEIA)
Adrian	Capelo	Fundación Ría
Andrea	Liaño	Estudiante Máster arquitectura e cultura contemporánea
Juan	Picos	Escola Enxeñería Forestal-Universidade de Vigo

3. Presentación dos resultados da 1ª xuntanza e síntese das respostas ao cuestionario previo.

José Manuel presentou un resumo das principais achegas e resultados alcanzados na primeira xuntanza do mes de marzo en relación á visión estratéxica final compartida e consolidada, así como a metodoloxía desenvolvida no procesado das achegas recollidas na primeira xuntanza, co obxectivo de extraer liñas estratéxicas e medidas nas que profundizar hoxe.

Tal e como se recolle no documento base que se compartiu para esta xuntanza, o procesado fíxose seguindo a seguinte metodoloxía:

- 1 Identificación de patróns transversais e elementos comúns das tres mesas de traballo
- 2 Identificación de liñas estratéxicas: agrupación de orientacións para abordar os retos
- 3 Identificación de medidas operativas: propostas operativas, pasos a dar e responsables

3.1 Liñas estratéxicas e medidas recollidas

A metodoloxía aplicada baséase nun proceso de síntese interpretativa, no que cada liña estratéxica se constrúe como resposta a un ou varios dos patróns transversais identificados, mantendo a trazabilidade co material deliberativo recollido nas mesas. Sintetizáronse as achegas en 7 liñas estratéxicas e as súas correspondentes medidas tal e como se detalla a continuación:

Liña estratéxica 1: Reaxuste do planeamento urbanístico e aplicación dos instrumentos de ordenación territorial supramunicipal.

Medida 1.1. Revisar de forma orientada o planeamento municipal

Medida 1.2. Mellorar a coherencia e complementariedade entre instrumentos de planificación

Medida 1.3. Incorporar criterios funcionais na ordenación dos usos do solo

Liña estratéxica 2. Recuperación da funcionalidade do territorio

Medida 2.1. Activar e mobilizar o solo de capacidade produtiva abandonado ou infrautilizado

Medida 2.2. Fomentar usos produtivos de pequena escala e proximidade

Medida 2.3. Reorganización da base produtiva en ámbitos rurais activos

Medida 2.4. Incorporación de novos perfís poboacionais

Medida 2.5. Acceso á vivenda como vehículo para a activación dos territorios rurais.

Liña estratéxica 3: Ordenación territorial e planificación dos usos do solo

Medida 3.1. Definir criterios de compatibilidade de usos

Medida 3.2. Desenvolver ámbitos piloto de xestión da interface urbano-forestal

Medida 3.3. Incorporar a multifuncionalidade na ordenación do territorio

Liña estratéxica 4: Mellorar a gobernanza territorial

Medida 4.1. Creación de mecanismos de coordinación interadministrativa

Medida 4.2. Integrar instrumentos e políticas sectoriais

Medida 4.3. Reforzar a capacidade de execución e aplicación efectiva das políticas territoriais

Medida 4.4 Fiscalidade activa para a mobilización do solo

Liña estratéxica 5: Reforzar a base económica e a viabilidade produtiva

Medida 5.1. Reforzo da cadea de valor a escala local

Medida 5.2. Diversificación das actividades produtivas

Medida 5.3. Adaptación do marco normativo ás pequenas producións

Medida 5.4. Impulso á transformación e industrialización de proximidade

Liña estratéxica 6: Recuperar a relación sociedade-territorio

Medida 6.1. Programas de conexión urbano-rural

Medida 6.2. Valorización social dos usos agrarios e forestais

Medida 6.2. Valorización social dos usos agrarios e forestais

Liña estratéxica 7: Impulsar modelos innovadores de xestión territorial

Medida 7.1. Identificación e sistematización de experiencias existentes

Medida 7.2. Desenvolvemento de proxectos piloto innovadores de xestión territorial

Medida 7.3. Escalado e replicabilidade de modelos

Medida 7.4. Comunidades enerxéticas e gobernanza local dos recursos


3.2 Resultados da enquisa previa á xuntanza

Con anterioridade ao desenvolvemento da mesa, enviouse un cuestionario aos participantes da mesma para traballar na priorización das medidas recollidas dentro das 7 liñas estratéxicas:

Para cada unha das medidas analizouse a súa viabilidade e importancia de 0 a 5. Sendo 0 cando a medida é nada viable, e nada importante; e 5 cando a medida é moi viable e moi importante.

Ademais os participantes poideron aportar novas medidas para cada Liña estratéxica así como casos de éxito relacionados.

A continuación móstrase un resumo dos resultados alcanzados na enquisa:



Importancia



Viabilidade





Analizando as medias alcanzadas entre importancia e viabilidade e ante a imposibilidade de tratar todas as medidas recollidas, escolléronse para o traballo nas mesas da dinámica, as 9 medidas con maior puntuación, tal e como se detalla a continuación.

4. Dinámica de traballo en grupo para avanzar nas propostas en relación ás medidas priorizadas

Desenvolveuse unha dinámica tipo *world café*, organizadas de tal xeito que en cada mesa deberíase recoller propostas concretas de 3 das 9 medidas priorizadas, en concreto:

Mesa 1.

- Medida 5.1. Reforzo da cadea de valor a escala local
- Medida 5.2. Diversificación das actividades produtivas
- Medida 5.4. Impulso á transformación e industrialización de proximidade

Mesa 2.

- Medida 6.2. Valorización social dos usos agrarios e forestais
- Medida 7.1. Identificación e sistematización de experiencias existentes de xestión territorial
- Medida 7.2. Desenvolvemento de proxectos piloto innovadores de xestión territorial

Mesa 3.

- Medida 2.1. Activar e mobilizar o solo de capacidade produtiva abandonado ou infrautilizado
- Medida 3.3. Incorporar a multifuncionalidade na ordenación do territorio

- Medida 4.3 Reforzar a capacidade de execución e aplicación efectiva das políticas territoriais.

A continuación, detállanse as propostas recollidas para cada unha das medidas.

MESA 1

MEDIDA 5.1 | Reforzo da cadea de valor a escala local

M5.1-A1	Creación e mantemento de mercados de proximidade e circuitos curtos
DESCRIPCIÓN	Impulso de mercados de proximidade e canles curtas de comercialización que permitan conectar a produción local coa demanda do propio territorio, mantendo tamén os mercados xa existentes. A acción debe ter en conta o risco de baixa viabilidade en zonas pouco poboadas, polo que require unha organización coordinada entre produtores e administración local, comezando por produtos vexetais e avanzando cara a outros ámbitos segundo a capacidade real do territorio.
LIDERA	Produtores en colaboración coa administración local (concellos).
1º PASO	Contactar cos gobernos locais para reunir aos produtores interesados, inicialmente arredor dos produtos vexetais.

M5.1-A2	Plataformas de e-commerce para venda directa
DESCRIPCIÓN	Desenvolvemento de plataformas dixitais de venda directa que complementen os mercados de proximidade e permitan chegar a públicos máis novos. A medida debe facilitar a comercialización conxunta, mellorar a visibilidade dos pequenos produtores e reducir barreiras de acceso ao mercado mediante estruturas compartidas, como asociacións ou cooperativas.
LIDERA	Produtores, con posible liderado dun produtor de maior dimensión, e apoio dos GDR.
1º PASO	Identificar un liderado operativo e socios interesados para crear unha asociación ou cooperativa que permita vender conxuntamente.

M5.1-A3	Mapeo e visibilización da produción comarcal
DESCRIPCIÓN	Elaboración dun mapeo da produción comarcal acompañado de campañas de información, divulgación e dixitalización, co obxectivo de identificar que se produce, onde se produce e con que capacidade de abastecemento. Esta acción debe reforzar a visibilidade dos produtos locais e servir como base para mellorar a conexión entre produción, comercialización e consumo, incorporando tamén unha reflexión específica sobre a súa aplicación ao sector forestal.
LIDERA	Axentes do territorio cun enfoque comarcal.
1º PASO	Realizar campañas de información, divulgación e dixitalización para identificar a produción existente e a súa localización, valorando como trasladar esta lóxica ao sector forestal.

M5.1-A4	Xeración de demanda de produtos locais desde a administración
----------------	--

DESCRICIÓN	Uso da compra pública como instrumento para activar a demanda de produtos locais, especialmente produtos transformados, incorporándoos aos menús e servizos de hospitais, centros públicos ou outros equipamentos dependentes das administracións. A acción busca crear unha demanda estable que contribúa á consolidación das cadeas de valor locais.
LIDERA	Administración pública.
1º PASO	Incorporar produtos locais transformados nos menús de hospitais e centros públicos.

M5.1-A5	Desenvolvemento de canles B2C e comercialización complementaria
DESCRICIÓN	Reforzo das canles de comercialización directa e complementaria para pequenos produtores, combinando venda B2C, canles B2B e ferramentas de e-commerce. A acción pretende ampliar as opcións de saída ao mercado, reducir a dependencia dun único canal e favorecer a profesionalización comercial dos produtores locais.
LIDERA	Produtores e sector privado.
1º PASO	Desenvolver canles de comercialización B2B e e-commerce adaptadas ás necesidades dos pequenos produtores.

M5.1-A6	Racionalización dos selos de calidade e impulso de novos selos forestais
DESCRICIÓN	Revisión estratéxica do ecosistema de marcas e selos de calidade no ámbito agroalimentario, evitando a dispersión e mellorando a súa eficacia comercial. No ámbito forestal, a acción propón avanzar no impulso de novos selos vinculados á orixe galega da madeira, de forma que contribúan á diferenciación, trazabilidade e valorización da produción local.
LIDERA	AGACAL, Fundación Arume e XERA.
1º PASO	Analizar o ecosistema actual de marcas e selos e traballar cunha visión estratéxica compartida.

MEDIDA 5.2 | Diversificación das actividades produtivas

M5.2-A1	Sistema de economía circular entre residuos e produción
DESCRICIÓN	Implantación de sistemas de economía circular nos que determinados residuos orgánicos procedentes de comedores, por exemplo escolares, poidan alimentar hortas urbanas, produción local ou outras iniciativas produtivas. A acción require implicación social e coordinación administrativa para pechar ciclos de materia no territorio.
LIDERA	Administración e cidadanía, coa implicación social necesaria.
1º PASO	Implementar sistemas nos que os residuos de comedores alimenten hortas urbanas ou produción local.

M5.2-A2	Diversificación de usos do monte e modelo en mosaico
DESCRICIÓN	Fomento dun uso multifuncional do monte baseado en modelos en mosaico, integrando actividades como a gandaría extensiva, a produción forestal, a prevención de incendios e outros aproveitamentos compatibles. A acción sitúa

	ás comunidades de montes veciñais en man común como actores clave para activar superficies e demostrar modelos de xestión diversificada.
LIDERA	Comunidades de montes veciñais en man común.
1º PASO	Fomentar redes de boas prácticas e experiencias de uso multifuncional do monte.

M5.2-A3	Programas de incorporación á produción hortícola
DESCRICIÓN	Deseño de programas específicos para facilitar a incorporación de novos produtores á produción hortícola, aproveitando a experiencia de cooperativas e entidades sectoriais. A acción debe contribuír á remuda produtiva, á activación de novas iniciativas e á diversificación da base agraria local.
LIDERA	AGACA e cooperativas, como Horsal.
1º PASO	Crear un programa específico de incorporación de novos produtores.

M5.2-A4	Dinamización do comercio local e das prazas de abastos
DESCRICIÓN	Reactivación de programas e estruturas xa existentes vinculadas ao comercio local, ás prazas de abastos e aos selos de proximidade. A acción pretende reforzar a conexión entre produción local, comercio de proximidade e consumo, recuperando instrumentos xa coñecidos cando poidan ser útiles para dinamizar a economía local.
LIDERA	Administración e produtores.
1º PASO	Retomar e dinamizar programas existentes, como Vilas Vivas ou iniciativas arredor das prazas de abastos.

M5.2-A5	Control e regulación das cadeas de valor
DESCRICIÓN	Reforzo dos mecanismos de control e regulación das cadeas de valor, especialmente nos sectores agrarios, para mellorar o equilibrio entre produtores, transformación e distribución. Esta acción require coordinación entre organismos e unha aplicación efectiva das ferramentas existentes.
LIDERA	Administración, con coordinación entre organismos.
1º PASO	Crear e facer funcionar órganos de control sobre as cadeas de valor.

M5.2-A6	Diversificación produtiva con apoio público
DESCRICIÓN	Apoio a emprendementos innovadores orientados á diversificación produtiva desde estruturas xa existentes, aproveitando instrumentos como os Polos de emprendemento e os GDR. A acción busca acompañar proxectos que incorporen novas actividades ou modelos produtivos complementarios, reducindo riscos e facilitando a súa implantación no territorio.
LIDERA	Administracións, especialmente Polos de emprendemento e GDR.
1º PASO	Apoiar emprendementos innovadores para a diversificación desde estruturas existentes.

M5.2-A7	Bonificacións fiscais para modelos multifuncionais
----------------	---

DESCRICIÓN	Deseño de bonificacións fiscais para empresas e iniciativas que integren diferentes usos produtivos e ambientais nun mesmo modelo multifuncional. A acción pretende recoñecer fiscalmente aquelas propostas que contribúan á diversificación, á xestión activa do territorio e á xeración de valor local.
LIDERA	Facenda.
1º PASO	Definir criterios fiscais para identificar e bonificar modelos empresariais multifuncionais.

M5.2-A8	Solución ao cobro da PAC en aproveitamentos agroforestais
DESCRICIÓN	Revisión das barreiras que dificultan o cobro da PAC en aproveitamentos agroforestais, especialmente nos casos de pastoreo baixo arborado afectados polo Coeficiente de Actividade de Pastos e polas dificultades de seguimento satelital. A acción busca facer compatible a actividade produtiva real coa normativa e cos sistemas de control.
LIDERA	Produtores, en interlocución co FOGGA.
1º PASO	Identificar os casos afectados e trasladar ao FOGGA unha proposta de solución para aproveitamentos agroforestais.

M5.2-A9	Recuperación de sistemas de asesoramento técnico público
DESCRICIÓN	Recuperación ou reforzo de sistemas públicos de asesoramento técnico que acompañen aos produtores na diversificación e xestión das súas actividades. A acción responde á necesidade de contar con apoio especializado, próximo e continuado, especialmente en ámbitos nos que a complexidade técnica ou administrativa limita a iniciativa privada.
LIDERA	Administración autonómica.
1º PASO	Definir un modelo de asesoramento técnico público adaptado ás necesidades actuais dos produtores.

M5.2-A10	Impulso dos centros de investigación autonómicos e da transferencia
DESCRICIÓN	Conservación e impulso dos centros de investigación autonómicos, reforzando a transferencia de coñecemento cara ao tecido produtivo. A acción busca reactivar fluxos de innovación aplicada que se consideran paralizados ou insuficientes, conectando investigación, asesoramento e necesidades reais do territorio.
LIDERA	Administración autonómica.
1º PASO	Identificar capacidades dos centros autonómicos e activar programas de transferencia orientados aos sectores produtivos.

M5.2-A11	Responsabilidade social da propiedade en solo rústico
DESCRICIÓN	Extensión ao solo rústico dunha lóxica de responsabilidade social da propiedade xa asumida no solo urbano. A acción pretende reforzar a idea de que a propiedade da terra implica tamén deberes de xestión, uso responsable e contribución ao interese xeral do territorio.
LIDERA	Administración autonómica.

1º PASO	Analizar os cambios normativos necesarios para incorporar esta responsabilidade no solo rústico.
---------	--

M5.2-A12	Compatibilidade de varias actividades para produtores individuais
DESCRIPCIÓN	Adaptación normativa para facilitar que os produtores individuais poidan compatibilizar varias actividades produtivas, reducindo a complexidade burocrática. A acción pretende permitir modelos máis flexibles, diversificados e viables, especialmente en territorios onde a escala de cada actividade por separado pode non ser suficiente.
LIDERA	Administración autonómica.
1º PASO	Lexislar a compatibilidade de varias actividades para produtores individuais e simplificar os trámites asociados.

MEDIDA 5.4 | Impulso á transformación e industrialización de proximidade

M5.4-A1	Impulso de agrupacións de produtores alimentarios e madeireiros
DESCRIPCIÓN	Fomento de agrupacións de produtores no ámbito alimentario e madeireiro para gañar escala, mellorar a capacidade de negociación e facilitar procesos de transformación e comercialización conxunta. A acción debe combinar liderado privado con apoio público en forma de financiamento e asistencia técnica.
LIDERA	Sector privado, especialmente produtores, con apoio da administración.
1º PASO	Lanzar convocatorias de apoio técnico e financiamento para crear cooperativas ou sociedades de transformación.

M5.4-A2	Centros de transformación comarcais e canles curtas para economías familiares
DESCRIPCIÓN	Impulso de canles curtas de comercialización vinculadas a economías familiares, incorporando centros de transformación comarcais, matadoiros ou outras infraestruturas compartidas que permitan transformar e vender produtos locais con maior valor engadido. A acción require avaliar a viabilidade en cada comarca e adaptar as solucións á súa demanda real.
LIDERA	Concellos, especialmente capitais comarcais.
1º PASO	Realizar estudos de viabilidade para cada comarca.

M5.4-A3	Desenvolvemento do cooperativismo real
DESCRIPCIÓN	Promoción dun cooperativismo funcional e orientado a resultados, apoiado en sistemas de mentoría, acompañamento e comunicación de casos de éxito. A acción busca superar modelos formais pouco operativos e avanzar cara a estruturas colaborativas útiles para transformar, vender e xestionar mellor.
LIDERA	Empresas e produtores con apoio de mentores.
1º PASO	Implementar sistemas de mentoría e comunicar casos de éxito.

M5.4-A4	Creación de cultura industrial en Galicia
----------------	--

DESCRIPCIÓN	Impulso dunha cultura industrial vinculada á transformación de proximidade, cunha comunicación despolitizada e centrada na xeración de valor, emprego e capacidade produtiva no territorio. A acción require a implicación de actores que crean no modelo e poidan explicar a súa necesidade social e económica.
LIDERA	Actores que crean no modelo, sen liderado exclusivamente público.
1º PASO	Desenvolver campañas de comunicación despolitizadas sobre cultura industrial.

M5.4-A5	Definición dun modelo económico e industrial compartido
DESCRIPCIÓN	Apertura dun debate social sobre o modelo económico e industrial desexado para Galicia, especialmente en relación coa transformación de proximidade, os sectores agrarios e a capacidade de xerar valor no territorio. A acción debe promover un diálogo amplo, despolitizado e orientado a decisións estratéxicas.
LIDERA	Sociedade no seu conxunto, a través dun diálogo social amplo.
1º PASO	Organizar un debate social despolitizado sobre o modelo económico desexado.

M5.4-A6	Redución de barreiras burocráticas á transformación
DESCRIPCIÓN	Identificación e redución das barreiras burocráticas que dificultan a transformación e industrialización de proximidade, especialmente cando interveñen competencias de sanidade, medio ambiente e medio rural. A acción require coordinación interdepartamental para simplificar trámites sen reducir garantías.
LIDERA	Administración, con coordinación interdepartamental.
1º PASO	Identificar problemáticas burocráticas e coordinar sanidade, medio ambiente e medio rural.

M5.4-A8	Captación de investimentos privados para os principais sectores agrarios e forestais
DESCRIPCIÓN	Atracción de investimentos privados cara aos principais sectores agrarios, como carne e leite, e cara ao sector forestal, co obxectivo de reforzar a transformación, industrialización e xeración de valor engadido no territorio. A acción require definir oportunidades claras de investimento e un relato económico sólido.
LIDERA	
1º PASO	

MESA 2

MEDIDA 6.2 | Valorización social dos usos agrarios e forestais

A medida oríentase a mellorar a percepción social dos usos agrarios e forestais a través do coñecemento, da experiencia directa e da visibilización da realidade existente. As accións organízanse arredor da reconfiguración do relato social do rural, a comunicación segmentada, a educación, a experiencia directa co territorio, a activación de redes e o desenvolvemento de ferramentas de apoio á comunicación.

M6.2-A1	Estratexia integral de valorización social do rural
DESCRICIÓN	Deseño e desenvolvemento dunha estratexia integral de valorización social do rural orientada a mellorar a percepción dos usos agrarios, gandeiros e forestais, actuando sobre o relato dominante e mostrando a realidade actual do sector a través de mensaxes claras, próximas e baseadas en experiencias reais. A acción debe contribuir a superar o descoñecemento xeral, os discursos negativos e a perda de contacto directo co medio rural, reforzando a súa valoración social como condición para o relevo xeracional, a rendibilidade percibida e a implicación cidadá na xestión do territorio. A estratexia incorporará campañas de sensibilización sen enfoque ideolóxico, a identificación e difusión de casos de éxito e boas prácticas, a construción dun relato compartido coa participación de axentes diversos e accións específicas para facer visibles as consecuencias sociais, ambientais e económicas da perda de actividade rural, especialmente sobre a prevención de incendios, a xestión do territorio, a economía local, a paisaxe e a cohesión social..
LIDERA	Xunta de Galicia, en colaboración co sector agrario, gandeiro e forestal, medios de comunicación, entidades territoriais e outros axentes do territorio.
1º PASO	Definir os públicos destinatarios, o enfoque comunicativo e os contidos prioritarios da estratexia, identificando casos reais e iniciando un proceso participativo cos axentes implicados.

M6.2-A2	Estratexia de comunicación segmentada
DESCRICIÓN	Definición dunha estratexia de comunicación adaptada a diferentes públicos, tendo en conta idade, relación co medio rural, perfil territorial e canles de consumo de información. A acción parte da necesidade de diferenciar mensaxes e formatos para mellorar a eficacia das actuacións de valorización social.
LIDERA	Xunta de Galicia e entidades territoriais
1º PASO	Definir públicos

M6.2-A3	Campañas sobre as consecuencias da perda do rural
DESCRICIÓN	Desenvolvemento de accións de comunicación que expliquen as consecuencias sociais, ambientais e económicas da perda de actividade rural. A acción debe facer visible que o abandono dos usos agrarios e forestais ten efectos sobre a prevención de incendios, a xestión do territorio, a economía local, a paisaxe e a cohesión social.
LIDERA	Xunta de Galicia e axencias públicas
1º PASO	Deseñar contidos

M6.2-A4	Plan de comunicación en redes sociais
DESCRICIÓN	Deseño dun plan específico de comunicación dixital, especialmente orientado á poboación nova, mediante contidos adaptados ás redes sociais e ás novas formas de consumo de información. A acción busca achegar o sector agrario e forestal a públicos que teñen menor contacto directo co territorio, empregando linguaxes e formatos máis eficaces.
LIDERA	Entidades territoriais

1º PASO	Crear contidos piloto
---------	-----------------------

M6.2-A5	Libro de estilo para medios
DESCRIPCIÓN	Elaboración dunha guía ou libro de estilo para mellorar o tratamento informativo dos usos agrarios e forestais nos medios de comunicación. Esta ferramenta debe contribuír á coherencia, rigor e calidade da información transmitida, evitando simplificacións e favorecendo unha representación máis axustada da realidade rural.
LIDERA	Entidades e medios de comunicación
1º PASO	Crear un grupo de traballo

M6.2-A6	Integración do coñecemento territorial no sistema educativo
DESCRIPCIÓN	Incorporación ao sistema educativo de contidos sobre o rural, os usos agrarios, gandeiros e forestais e a xestión activa do territorio, co obxectivo de abordar desde a escola a falta de coñecemento do medio rural e facilitar que o alumnado comprenda a súa función produtiva, ambiental e social. A acción debe apoiarse na formación previa do profesorado, identificado como actor clave para transmitir unha visión informada, contextualizada e non estereotipada do rural, dotándoo de coñecementos, materiais e ferramentas pedagóxicas axeitadas. Inclúe tamén a elaboración de unidades didácticas territoriais adaptadas á realidade próxima e a organización de visitas a explotacións, proxectos produtivos e iniciativas territoriais, favorecendo unha aprendizaxe práctica e o contacto directo co territorio.
LIDERA	Administración educativa, en colaboración con centros educativos, entidades territoriais e entidades especializadas.
1º PASO	Deseñar un programa educativo piloto que combine formación do profesorado, elaboración ou adaptación de materiais didácticos e identificación de explotacións e iniciativas territoriais visitables.

M6.2-A7	Programas de voluntariado territorial
DESCRIPCIÓN	Impulso de programas de voluntariado vinculados ao territorio, orientados a favorecer a participación cidadá en actividades de coñecemento, coidado e posta en valor do rural. Estes programas poden contribuír á reconexión social co medio rural e á comprensión directa da importancia da súa xestión activa.
LIDERA	Asociacións e entidades sociais
1º PASO	Activar un piloto

M6.2-A8	Estratexias de reconexión urbano-rural
DESCRIPCIÓN	Desenvolvemento de experiencias que aproximen a poboación urbana á realidade rural, mediante actividades prácticas, visitas, intercambios ou iniciativas culturais e educativas. A acción busca reducir a distancia social e perceptiva entre o urbano e o rural, facilitando unha comprensión máis próxima dos usos agrarios e forestais.
LIDERA	Entidades territoriais

1º PASO	Deseñar experiencias
---------	----------------------

M6.2-A9	Rede de actores para valorización
DESCRICIÓN	Creación ou reforzo dunha rede de actores implicados na valorización social dos usos agrarios e forestais. A acción debe articular entidades públicas, cooperativas, asociacións, medios e axentes locais, aproveitando estruturas xa existentes e mellorando a súa capacidade de coordinación e incidencia.
LIDERA	Xunta de Galicia e entidades territoriais
1º PASO	Crear un grupo motor

M6.2-A10	Impulso do cooperativismo territorial
DESCRICIÓN	Reforzo do papel das cooperativas como axentes territoriais con capacidade para contribuír á valorización social do rural. A acción busca apoiar iniciativas cooperativas xa existentes, visibilizar o seu papel económico e social e favorecer a súa implicación en procesos de comunicación, educación e dinamización territorial.
LIDERA	Cooperativas
1º PASO	Identificar iniciativas

M6.2-A11	Programas culturais ligados ao territorio
DESCRICIÓN	Apoio a programas e iniciativas culturais vinculadas ao territorio que contribúan a reforzar a identidade rural e a valoración social dos usos agrarios e forestais. A cultura aparece como unha vía útil para achegar o rural á sociedade desde linguaxes máis accesibles e participativas.
LIDERA	Asociacións e entidades culturais
1º PASO	Activar iniciativas

M6.2-A12	Difusión de boas prácticas
DESCRICIÓN	Sistematización e difusión de boas prácticas vinculadas á valorización social do rural, permitindo mellorar a calidade da información dispoñible e facilitar a transferencia de experiencias. A acción debe apoiar a produción de contidos estruturados e a súa circulación entre entidades, medios e públicos destinatarios.
LIDERA	Entidades territoriais e medios de comunicación
1º PASO	Seleccionar exemplos

MEDIDA 7.1 | Identificar e sistematizar experiencias existentes

A medida oriéntase a crear un sistema estruturado que permita identificar, avaliar e transferir experiencias útiles para o territorio, poñendo o foco na súa replicabilidade real. As accións parten da constatación de que existen numerosas iniciativas relevantes, mais moitas permanecen illadas e con limitada capacidade de escala.

M7.1-A1	Convocatoria aberta para identificar iniciativas
DESCRICIÓN	Posta en marcha dunha convocatoria aberta para identificar iniciativas existentes no territorio que poidan resultar relevantes pola súa utilidade, aprendizaxes ou capacidade de transferencia. A acción busca abrir unha canle estruturada de recollida de experiencias, permitindo que emerxan proxectos que non sempre son visibles a través das estruturas administrativas habituais.
LIDERA	Universidades e entidades especializadas
1º PASO	Lanzar a convocatoria

M7.1-A2	Recollida territorial e sistematización académica de experiencias
DESCRICIÓN	Activación dun sistema de recollida de experiencias a través de entidades xa implantadas no territorio, como GDR, polos de emprendemento, oficinas agrarias ou outras estruturas locais, incorporando tamén a participación da academia nos procesos de identificación, análise e sistematización das iniciativas. A acción permite aproveitar o coñecemento próximo dos axentes territoriais, reducir a dispersión da información existente e reforzar o rigor metodolóxico mediante liñas de investigación, traballos aplicados ou colaboracións entre universidades e entidades do territorio. O obxectivo é xerar unha base de coñecemento útil, ordenada e aplicable para a acción pública e territorial.
LIDERA	Entidades territoriais e universidades
1º PASO	Activar canles de recollida e definir unha colaboración coa academia para sistematizar a información obtida.

M7.1-A3	Sistema de avaliación de boas prácticas e experiencias útiles
DESCRICIÓN	Definición dun sistema de avaliación das iniciativas identificadas que permita distinguir entre casos de éxito, boas prácticas e experiencias útiles para o territorio. A acción busca evitar unha lectura superficial baseada en exemplos illados, incorporando criterios claros para valorar a calidade, utilidade, aprendizaxe xerada e potencial de transferencia ou replicabilidade das experiencias. Para iso, constituirase un grupo avaliador integrado por perfís técnicos, territoriais e sectoriais, encargado de revisar a información recollida, aplicar os criterios definidos e facilitar unha lectura compartida dos casos. Este proceso permitirá seleccionar aquelas experiencias con maior capacidade de aprendizaxe e utilidade para outros territorios.
LIDERA	Axentes multiactor, coa participación de entidades territoriais e persoas expertas.
1º PASO	Constituír o grupo avaliador e establecer os criterios de valoración das iniciativas.

M7.1-A4	Crear catálogo de boas prácticas incorporando aprendizaxe de fracasos
DESCRICIÓN	Creación dun catálogo ou repositorio estruturado de boas prácticas e experiencias relevantes, organizado de forma accesible e útil para administracións, entidades territoriais e axentes privados. O catálogo debe permitir localizar experiencias, coñecer os seus elementos principais e facilitar a transferencia de coñecemento. Incorporación ao proceso de análise de experiencias que non acadaron os resultados esperados, co obxectivo de extraer aprendizaxes útiles. A acción permite comprender mellor os límites, riscos e condicións necesarias para a implantación de iniciativas noutros territorios.
LIDERA	Entidades e academia
1º PASO	Estruturar repositorio

M7.1-A5	Análise e selección de experiencias replicables
DESCRICIÓN	Análise das experiencias identificadas co obxectivo de seleccionar aquelas que teñan unha capacidade real de adaptación a outros territorios e extraer os elementos concretos que poidan ser replicados ou transferidos. A acción parte da idea de que non sempre é viable reproducir proxectos completos, pero si adaptar solucións técnicas, modelos de funcionamento, alianzas, aprendizaxes específicas ou formas de organización. Para iso, avaliaranse tamén as condicións necesarias para a súa replicación, incluíndo factores económicos, técnicos, legais, sociais e organizativos, co fin de pasar de exemplos illados ou inspiradores a modelos aplicables con maior seguridade noutros contextos territoriais.
LIDERA	Entidades territoriais, coa participación de entidades e persoas expertas.
1º PASO	Analizar os casos identificados, filtrar as experiencias con maior potencial de replicabilidade e definir os factores necesarios para a súa adaptación a outros territorios.

M7.1-A6	Facilitar acceso aberto á información
DESCRICIÓN	Publicación e difusión aberta da información sistematizada, garantindo que os coñecementos xerados sexan accesibles para outros actores. A acción busca evitar que as experiencias queden illadas e favorecer a súa utilización en procesos de planificación, asesoramento, emprendemento ou cooperación territorial.
LIDERA	Entidades territoriais
1º PASO	Publicar contidos

M7.1-A7	Promover modelos de gobernanza compartida e redes de actores para a replicabilidade
DESCRICIÓN	Impulso de modelos de gobernanza compartida e redes de actores como base para a sostibilidade, continuidade e replicabilidade das iniciativas. A acción busca reforzar a colaboración territorial, evitar o illamento dos proxectos e reducir a súa dependencia de persoas concretas, favorecendo estruturas colectivas, relacións estables entre axentes, responsabilidades distribuídas e maior implicación da comunidade local. A gobernanza incorporárase tamén

	como criterio para avaliar e seleccionar experiencias, considerando a existencia de redes, liderados compartidos, participación local e capacidade organizativa, xa que a forma de organización condiciona directamente a posibilidade de manter e adaptar os proxectos noutros territorios.
LIDERA	Entidades territoriais
1º PASO	Identificar os actores implicados, crear espazos de coordinación e definir criterios de gobernanza para a avaliación e selección das experiencias

M7.1-A8	Apoiar estruturas existentes de asesoramento
DESCRICIÓN	Reforzo das estruturas de asesoramento xa existentes para apoiar a identificación, análise e replicación de experiencias. A acción busca mellorar o acceso a apoio técnico especializado e aproveitar recursos que xa operan no territorio.
LIDERA	Administración
1º PASO	Identificar recursos

M7.1-A9	Facilitar acceso a coñecemento técnico
DESCRICIÓN	Facilitación do acceso a coñecemento técnico útil para a toma de decisións económicas, legais, produtivas ou organizativas. A acción pode apoiarse en repositorios, materiais prácticos, guías ou espazos de consulta que permitan transformar información dispersa en coñecemento aplicable.
LIDERA	Entidades territoriais
1º PASO	Crear repositorios

M7.1-A10	Fomentar acompañamento entre iguais
DESCRICIÓN	Impulso de mecanismos de acompañamento entre iguais, conectando iniciativas, persoas promotoras e actores locais que poidan compartir aprendizaxes prácticas. A acción favorece a transferencia horizontal de coñecemento e a creación de confianza entre territorios e proxectos.
LIDERA	Redes locais
1º PASO	Activar intercambio

MEDIDA 7.2 | Desenvolver proxectos piloto innovadores

A medida oriéntase a impulsar proxectos piloto innovadores que sexan realistas, sostibles e liderados desde o territorio, evitando modelos artificiais ou pouco transferibles. As accións organízanse arredor do liderado local, a viabilidade económica, a xestión territorial multifuncional, a identificación de ámbitos estratéxicos, a colaboración entre actores e o reforzo do apoio técnico desde estruturas locais.

M7.2-A1	Impulsar iniciativas desde o territorio
DESCRICIÓN	Impulso de proxectos piloto deseñados, liderados ou reforzados desde o propio territorio, garantindo que as iniciativas respondan a necesidades reais e contengan base social, produtiva ou comunitaria suficiente para asegurar a súa continuidade máis alá da fase inicial de apoio. A acción prioriza proxectos promovidos por produtores, comunidades locais e entidades territoriais, así como iniciativas xa en marcha que poidan mellorar a súa capacidade de consolidación, aprendizaxe e transferencia a outros contextos. Neste enfoque, a administración debe exercer un papel facilitador, financiador ou de acompañamento, evitando substituír o liderado local ou deseñar proxectos piloto exclusivamente desde arriba, sen apropiación por parte dos actores do territorio.
LIDERA	Produtores, comunidades locais e entidades territoriais, co apoio da administración.
1º PASO	Identificar iniciativas existentes e proxectos activos no territorio, definindo o papel de apoio da administración e as necesidades de reforzo para a súa consolidación.

M7.2-A2	Priorizar modelos sostibles e replicables
DESCRICIÓN	Establecemento de criterios para seleccionar proxectos piloto que teñan capacidade real de continuidade, viabilidade económica e adaptación ás condicións do territorio. A acción busca evitar modelos artificiais, desconectados da realidade local ou excesivamente dependentes de financiamento externo, descartando aqueles proxectos que só funcionan mentres existe apoio público puntual. Para iso, analizaranse previamente as experiencias e iniciativas propostas, valorando o seu modelo económico, a súa capacidade de sosterse no tempo, a súa transferibilidade e o grao de apropiación territorial, co obxectivo de impulsar proxectos realistas, aplicables e replicables noutros contextos.
LIDERA	Entidades territoriais e sectoriais
1º PASO	Definir criterios de viabilidade, revisar casos existentes e analizar as experiencias para identificar proxectos sostibles, transferibles e non dependentes exclusivamente de financiamento puntual.

M7.2-A3	Desenvolver proxectos multifuncionais de xestión territorial
DESCRICIÓN	Posta en marcha de proxectos piloto baseados en modelos multifuncionais de xestión territorial, capaces de combinar diferentes funcións e superar enfoques sectoriais illados. A acción busca integrar usos produtivos, ambientais e sociais nunha mesma estratexia de intervención, facendo compatible a actividade económica coa conservación, a prevención de incendios, a cohesión social, a valorización do territorio e a xestión do risco. Para iso, promoveranse modelos de xestión coordinada que conecten actores, usos e recursos territoriais, favorecendo a continuidade das actuacións, a súa escala suficiente e a súa capacidade de adaptación a distintos contextos lo
LIDERA	Entidades locais e territoriais

1º PASO	Identificar territorios piloto e definir un modelo de actuación integrado que combine usos produtivos, ambientais e sociais, conectando actores e recursos do territorio.
---------	---

M7.2-A4	Desenvolver proxectos en xestión forestal multifuncional
DESCRICIÓN	Impulso de proxectos piloto centrados na xestión forestal multifuncional, con especial atención ás frondosas, aos modelos mixtos e aos aproveitamentos compatibles coa prevención de incendios e a mellora ambiental.
LIDERA	Entidades + sector
1º PASO	Identificar casos

M7.2-A5	Impulsar gandería extensiva
DESCRICIÓN	Desenvolvemento de proxectos piloto nos que a gandería extensiva actúe como ferramenta de xestión territorial, mantemento do mosaico produtivo e redución do risco de abandono.
LIDERA	Produtores
1º PASO	Seleccionar iniciativas

M7.2-A6	Promover cadeas de valor locais
DESCRICIÓN	Apoio a proxectos vinculados á creación ou reforzo de cadeas de valor locais, conectando produción, transformación e comercialización no territorio.
LIDERA	Entidades
1º PASO	Detectar oportunidades

M7.2-A7	Explorar bioeconomía e enerxía
DESCRICIÓN	Identificación de liñas piloto vinculadas á bioeconomía, á enerxía e a novos usos do territorio, sempre que presenten potencial real e encaixe coas condicións locais.
LIDERA	Entidades
1º PASO	Identificar liñas

M7.2-A8	Fomentar redes e aprendizaxe entre iniciativas territoriais
DESCRIPCIÓN	Creación dunha rede de colaboración entre iniciativas territoriais que permita compartir aprendizaxes, evitar o illamento dos proxectos e fortalecer a capacidade colectiva de innovación. A acción incluírá a organización de encontros e mecanismos de intercambio entre proxectos, comunidades locais, redes e entidades con experiencia práctica na implantación de solucións territoriais, favorecendo a transferencia directa de coñecemento útil. Tamén se impulsarán dinámicas de aprendizaxe horizontal entre iguais, baseadas na confianza, na experiencia acumulada e na posta en común de casos reais, co obxectivo de facilitar que as iniciativas poidan mellorar, adaptarse e replicarse noutros contextos.
LIDERA	Entidades e redes locais
1º PASO	Activar a rede de colaboración, identificar iniciativas participantes e organizar os primeiros encontros de intercambio e aprendizaxe entre iguais.

M7.2-A9	Reforzar o apoio técnico desde estruturas locais
DESCRIPCIÓN	Reforzo do apoio técnico aos proxectos piloto a partir das capacidades, estruturas e coñecementos xa existentes no territorio, evitando crear dispositivos alleos ás comunidades ou substituír o liderado local. A acción inclúe a identificación e fortalecemento das estruturas técnicas presentes no territorio para que poidan acompañar a posta en marcha e consolidación dos proxectos, así como a activación de mecanismos de cooperación técnica entre comunidades, redes locais e iniciativas con experiencia práctica. Complementariamente, organizaranse repositorios, materiais e canles de acceso a coñecemento técnico útil para o deseño, execución, seguimento e avaliación dos proxectos piloto, facilitando recursos especializados de maneira accesible e adaptada ás necesidades reais do territorio.
LIDERA	Administración, entidades territoriais e redes locais.
1º PASO	Identificar os recursos técnicos existentes no territorio, activar mecanismos de intercambio entre comunidades e organizar os primeiros materiais ou repositorios de coñecemento útil.

MESA 3

MEDIDA 2.1 | Activar e mobilizar o solo de capacidade produtiva abandonado ou infrautilizado

M2.1-A1	Mapa das iniciativas que están funcionando
DESCRIPCIÓN	Elaboración dun mapa real, actualizado e operativo das iniciativas produtivas que están funcionando no territorio, co obxectivo de identificar boas prácticas, coñecer que modelos son viables e facilitar a súa replicabilidade. Este mapa debe ir máis alá dun inventario estático, incorporando información sobre os axentes implicados, a súa localización e capacidade de actuación, así como a conexión entre iniciativas e recursos existentes. Debe servir como base para a

	toma de decisións públicas, a orientación de políticas e o apoio prioritario á continuidade das iniciativas xa activas.
LIDERA	Academia, universidades e grupos de investigación.
1º PASO	

M2.1-A2	Premiar as boas prácticas
DESCRICIÓN	Desenvolvemento de mecanismos de recoñecemento e incentivo das boas prácticas existentes no territorio, priorizando o apoio ás iniciativas que xa están funcionando fronte á creación de novas. Estes mecanismos deben incluír premios, visibilización e difusión, co obxectivo de reforzar a súa continuidade, mellorar o seu posicionamento e facilitar a súa réplica noutros contextos. O recoñecemento debe contribuír tamén á consolidación destas iniciativas, evitando dinámicas que poidan debilitar os seus mercados ou a súa sostibilidade.
LIDERA	Administración (AGADER); axentes do territorio.
1º PASO	

M2.1-A3	Fomentar o intercambio xeracional
DESCRICIÓN	Impulso de mecanismos que favorezan o intercambio interxeracional dentro dos programas de emprendemento, integrando o coñecemento tradicional coas novas iniciativas produtivas. Esta acción busca facilitar a transmisión de saberes, asegurar a continuidade das explotacións e incorporar novas persoas ao sector, aproveitando o coñecemento acumulado no territorio como base para a innovación e a sustentabilidade das actividades.
LIDERA	
1º PASO	

M2.1-A4	Dar continuidade aos instrumentos da Lei de Recuperación da Terra Agraria
DESCRICIÓN	Dar continuidade ás medidas impulsadas pola Lei de Recuperación da Terra Agraria, como as Aldeas Modelo, garantindo tempos suficientes de execución que permitan avaliar con rigor o seu funcionamento, resultados e problemáticas. Esta acción implica evitar a interrupción prematura dos procesos, consolidar os instrumentos existentes e mellorar a súa eficacia a partir da experiencia acumulada no territorio. Menciónase a importancia de que as convocatorias públicas para o desenvolvemento destes instrumentos sexan de concorrencia competitiva e prioricen a calidade das propostas fronte á orde de chegada, co obxectivo de asegurar que os recursos públicos se destinen ás iniciativas máis sólidas, viables e con maior impacto territorial.
LIDERA	Administración (AGADER), academia, universidades e grupos de investigación; axentes do territorio.
1º PASO	

M2.1-A5	Axente facilitador no territorio: Oficina Integral de Acompañamento
DESCRICIÓN	Creación ou reforzo da figura de axentes facilitadores no territorio que actúen como elemento clave para a mobilización de terras e a impantación das figuras da LRTA. Estes axentes deben ofrecer acompañamento integral (técnico, normativo, financeiro) e continuado no tempo, funcionando como ponte entre a administración e os actores locais. A acción inclúe recuperar e actualizar o papel histórico das Oficinas Agrarias Comarcais, pasando dun enfoque centrado na tramitación a outro baseado no acompañamento activo e na dinamización territorial.
LIDERA	Administración; Oficinas Agrarias Comarcais.

1º PASO	Creación da Oficina Integral de Acompañamento para a coordinación entre os axentes clave do territorio.
M2.1-A6	Reconsiderar a moratoria do eucalipto
DESCRIPCIÓN	Revisión da moratoria do eucalipto en base a unha análise actualizada e rigorosa dos usos do solo e da realidade produtiva do territorio. Esta acción require dispoñer de información fiable que permita avaliar a situación real, tendo en conta que os datos existentes poden non reflectir adecuadamente as dinámicas actuais, e integrar esta revisión dentro dunha planificación máis ampla dos usos do solo.
LIDERA	Administración
1º PASO	
M2.1-A7	Fiscalidade territorial activa
DESCRIPCIÓN	Implantación dunha fiscalidade territorial activa que incentive o uso produtivo e a boa xestión do solo mediante bonificacións, e penalice o abandono mediante recargas progresivas. Esta fiscalidade debe estar vinculada á función produtiva e social da terra, promovendo a corresponsabilidade na súa xestión e favorecendo a mobilización efectiva das parcelas infrautilizadas. Cando existan actores con capacidade de xestión, deben existir mecanismos que garantan que a terra se poña á súa disposición, co obxectivo de que a propiedade cumpra un papel activo no desenvolvemento territorial.
LIDERA	
1º PASO	
M2.1-A8	Prevención de lumes como criterio estruturante
DESCRIPCIÓN	Integración da prevención de incendios como criterio estrutural en todas as actuacións vinculadas á mobilización e activación do solo. Isto implica que calquera medida ou instrumento desenvolvido debe contribuir á redución do risco de lumes, incorporando este enfoque de forma transversal na planificación e xestión do territorio.
LIDERA	
1º PASO	
M2.1-A9	Conexión urbano-rural (economía circular)
DESCRIPCIÓN	Fomento da conexión entre áreas urbanas e rurais para que as primeiras actúen como xeradoras de insumos (como fertilizantes orgánicos) destinados á activación dos solos produtivos, pechando ciclos de economía circular. Esta acción pretende reducir a dependencia de insumos externos e reforzar a integración funcional entre cidade, monte e agricultura, contribuíndo á sostibilidade dos sistemas produtivos.
LIDERA	
1º PASO	
M2.1-A10	Mapa de entidades colaboradoras
DESCRIPCIÓN	Identificación e articulación das entidades presentes no territorio (administracións, axentes locais, organizacións, etc.) co fin de mellorar a coordinación, compartir información e optimizar recursos. Esta acción busca reducir a fragmentación existente, evitar duplicidades e fortalecer a colaboración entre estruturas xa existentes, incorporando tamén mecanismos de comunicación eficaces cara á cidadanía.
LIDERA	Administración; entidades a pé de territorio; xornalistas.
1º PASO	

MEDIDA 3.3 | Incorporar a multifuncionalidade na ordenación do territorio

M3.3-A1	Incorporar as faixas de xestión ás infraestruturas
DESCRICIÓN	Integrar as faixas de xestión da biomasa necesarias para a protección fronte a incendios dentro do propio proxecto das infraestruturas (estradas, edificacións, instalacións, etc.), evitando que esta responsabilidade recaia nos propietarios lindeiros. Isto implica que calquera actuación con impacto territorial leve incorporadas desde o inicio as medidas preventivas necesarias, garantindo unha xestión coherente e eficaz do risco.
LIDERA	Administración.
1º PASO	Planeamento urbanístico e licenza de actividade.

M3.3-A2	Reducir a interface urbano-forestal
DESCRICIÓN	Orientar a planificación territorial e urbanística á redución da interface urbano-forestal, evitando o seu incremento progresivo. Isto implica promover modelos de crecemento máis compactos e controlar a expansión dispersa, co obxectivo de diminuír o risco de incendios e mellorar a xestión do territorio.
LIDERA	Administración.
1º PASO	Planeamento urbanístico e licenza de actividade.

M3.3-A3	Alternativas rendibles para os propietarios
DESCRICIÓN	Proporcionar alternativas economicamente rendibles aos propietarios do solo que fagan atractiva a súa xestión activa, evitando enfoques excesivamente intervencionistas. A acción baséase en establecer directrices que orienten o uso do solo (mapa de usos) cara opcións viables, facilitando a toma de decisións e promovendo a implicación dos propietarios na xestión do territorio.
LIDERA	Administración (AGADER).
1º PASO	Reducir a burocracia e avanzar no catálogo de usos.

M3.3-A4	Identificar os habitantes do século XXI e as súas necesidades
DESCRICIÓN	Analizar os perfís de poboación actuais e potenciais (incluíndo persoas procedentes de contornas urbanas) e as súas necesidades para adaptar o territorio e facelo máis atractivo a novas formas de uso e residencia. Esta acción busca incorporar novas dinámicas sociais e económicas á planificación territorial, favorecendo a diversificación de funcións.
LIDERA	Entidades privadas con capacidade de conectar xente.
1º PASO	Co-livings como espazos de difusión.

M3.3-A5	Incorporar o pago por servizos ambientais na xestión do territorio
DESCRICIÓN	Desenvolver mecanismos de pagamento por servizos ambientais (como prevención de incendios, biodiversidade ou xestión favorable do ciclo da auga), integrando instrumentos como créditos de carbono ou biodiversidade. Esta acción require establecer metodoloxías e métricas claras que permitan xustificar e valorar estes servizos, garantindo que os beneficios recaian nos axentes que realizan unha xestión sostible do territorio.
LIDERA	Administración; academia, universidades e grupos de investigación.
1º PASO	Establecer metodoloxías e estandarizar as métricas para a xustificación.

MEDIDA 4.3 | Reforzar a capacidade de execución e aplicación efectiva das políticas territoriais

M4.3-A1	Reorientar a planificación territorial cara ás políticas sectoriais
DESCRICIÓN	Superar o enfoque tradicional de planificación baseado no urbanismo, adaptando a xestión do territorio ás necesidades específicas dos ámbitos agrícola e forestal. Isto implica dar maior protagonismo ás políticas sectoriais, simplificar os cambios de uso do solo, facilitar a actualización catastral e promover a xestión do territorio por enriba da simple clasificación de usos. Tamén supón aproveitar estruturas existentes como montes veciñais en man común (MVMC) e agrupacións para abordar a planificación de forma máis operativa e adaptada á realidade.
LIDERA	
1º PASO	

M4.3-A2	Potenciar figuras rápidas de concentración da propiedade
DESCRICIÓN	Impulsar mecanismos áxiles de concentración da propiedade que permitan activar o territorio de forma rápida, deixando a regularización formal para fases posteriores. Isto inclúe o uso activo dos instrumentos da Lei de Recuperación da Terra Agraria, o bancos de terras e banco de explotacións, así como a identificación de conflitos (sociais, de propiedade, etc.) como oportunidades para a intervención pública e o desenvolvemento de proxectos que non poden ser abordados individualmente.
LIDERA	Administración (AGADER).
1º PASO	Impulsar polígonos agroforestais (LRTA).

M4.3-A3	Traballar cos axentes locais
DESCRICIÓN	Articular mecanismos de traballo colaborativo entre os distintos axentes locais, integrando diferentes sensibilidades e intereses. Isto implica identificar os actores presentes no territorio, poñelos en contacto e crear grupos de traballo que conecten as necesidades reais coas entidades implicadas, garantindo a participación activa e o compromiso de todos os axentes no proceso de xestión territorial.
LIDERA	Mancomunidades e municipios, líderes territoriais (GDR).
1º PASO	Detectar líderes e axentes en cada territorio.

M4.3-A4	Mostrar exemplos doutros territorios
DESCRICIÓN	Difundir e poñer en valor exemplos doutros territorios onde xa se estean aplicando solucións eficaces, co fin de inspirar, transferir coñecemento e facilitar a adopción de boas prácticas. Esta acción busca reducir a incerteza e demostrar a viabilidade das medidas a través de casos reais.
LIDERA	
1º PASO	

M4.3-A5	Crear grupos de asesoramento técnico
DESCRICIÓN	Establecer grupos de asesoramento técnico especializados para apoiar a MVMC e outras agrupacións na xestión multifuncional do territorio. Esta acción implica reorientar o papel das Oficinas Agrarias, pasando dun enfoque centrado na burocracia a outro centrado na prestación de servizos técnicos de valor, incluíndo formación e acompañamento.
LIDERA	Administración (Oficinas Agrarias Comarcais).
1º PASO	Crear formadores .

M4.3-A6	Regularizar as cesións de terras non utilizadas
----------------	--

DESCRICIÓN	Desenvolver mecanismos que faciliten a cesión e arrendamento de terras non utilizadas, reducindo barreiras e medos por parte dos propietarios. Isto inclúe flexibilizar medidas fiscais, establecer modelos sinxelos de contratos e crear sistemas que garantan a seguridade xurídica e o cumprimento dos compromisos, podendo incluso artellarse como un servizo público de xestión.
LIDERA	Administración (FOGA).
1º PASO	Redactar o modelo de contrato.

5. Peche da xornada

Trala lectura das principais achegas das mesas, Beatriz Suárez e José Manuel Andrade deron peche a xornada agradecendo a asistencia e invitado aos participantes a inscribirse no Foro que terá lugar o vindeiro 28 de maio, onde se presentarán as achegas recollidas neste proceso previo de traballo en mesas. Todas as aportacións serán analizadas para crear unha única folla de ruta en relación á xestión activa do territorio galego coa idea de impulsar unha desenvolvemento futuro das propostas en alianza con todas as entidades e persoas que podan contribuír dalgunha o outra parte as mesmas.